INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE NOVEMBRO DE 2016

ÍNDICE

1 INTRODUCIÓN 3
2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES 4
3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA 5
4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. 7
5 TEMPERATURA 11
5.1. Temperatura media das máximas. 11
5.2. Temperatura media das mínimas. 12
5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010 13
5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2016. 17
6 PRECIPITACIÓN 19
6.1. Precipitación acumulada mensual novembro2016 19
6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. 20
6.3. Días de chuvia en novembro de 2016 21
6.4. Evolución da precipitación en novembro de 2016 23
7 VENTO 24
8 RADIACIÓN SOLAR 28
8.1. Mapa de irradiación solar mensual 28
8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal 29
9 RAIOS 30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 19-12-2016

Mes lixeiramente frío e con precipitacións normais.

1 INTRODUCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de novembro podémolo considerar bastante normal tendo en conta a climatoloxía de Galicia, xa que os períodos secos e fríos foron alternando con outros de chuvia e temperatura máis suave. Tivemos tamén un episodio de entrada de aire frío e húmido que deixou a primeira nevarada significativa do outono. Todo isto explica que as chuvias acumuladas, así como o número de días de precipitación estean moi preto do normal, mentres que as temperaturas en media tamén se aproximen moito ao agardado nun mes de novembro.

O mes comezaba sen embargo cunha situación relativamente anómala, posto que as altas presións se situaban ao norte da península Ibérica e unha baixa localizada fronte da costa portuguesa impulsaba aire cálido sen chegar a introducir inestabilidade. Deste xeito, tivemos dúas xornadas de tempo seco, parcialmente nubrado e con temperaturas máximas que superaban en xeral os 20ºC.

O día 3 tivemos tamén estas elevadas temperaturas, pero o achegamento da borrasca introduciu aire frío en altura, polo que se rexistraron importantes treboadas en puntos da Comunidade, principalmente no noroeste da mesma.

Na xornada do día 4 experimentamos un importante descenso das temperaturas, que se consolidaba os días 5 e 6 coa chegada dunha masa de aire frío procedente do Atlántico norte. O día 7 foi de transición, á espera da chegada dunha fronte activa asociada a unha nova borrasca na tarde do día 8, a cal deixou un episodio significativo de chuvia, estendéndose tamén ás primeiras horas do día 9.

Os días 10 e 11 quedamos nunha área intermedia entre altas e baixas presións, quedando o 12 caracterizado polo achegamento dunha nova fronte activa.

O seguinte período de 4 días entre o 13 e o 17 quedou caracterizado pola influencia anticiclónica polo que en xeral o tempo foi seco e soleado, coa excepción dos vales do interior onde as néboas se impuxeron durante as mañás. As temperaturas contrastaron fortemente, posto que as mínimas estiveron en xeral por debaixo dos 10ºC na costa e dos 5ºC no interior, mentres que as máximas conseguían superar os 15ºC en xeral e achegarse moito aos 20ºC en puntos do litoral.

A situación meteorolóxica empeorou notablemente no período entre 18 e o 22. O día 18 tivemos temporal no mar, con ondas que superaban por momentos os 6 metros de altura e

este temporal estendeuse a terra nas xornadas do 19 e 20, con fortes ventadas e chuvias intensas que motivaron a publicación de diferentes avisos.

Nos días 21 e 22 continuamos con tempo caracterizado polas nubes, o vento intenso e as chuvias xeneralizadas.

O 23 tivemos un día tranquilo, con aire frío en superficie, pero o 24 a chegada dunha baixa dende o leste que se atopaba con este aire frío deixaba unha xornada moi desapacibre, con temperaturas moi baixas, que non puideron superar os 10ºC en ningún punto de Galicia e precipitacións persistentes que foron de neve en cotas por debaixo dos 1000 metros de altura, acumulándose espesores moi significativos nas áreas de montaña de Lugo e Ourense.

Nos dous días seguintes a baixa foise desprazando cara ao sur, deixando aínda algunhas chuvias, pero menos intensas e xeneralizadas e a partir do domingo quedamos novamente na influencia anticiclónica polo que a estabilidade e o tempo seco foron predominantes nos derradeiros días do mes, quedando como máis significativo nestas xornadas os baixos valores nas mínimas e as néboas moi persistentes, que en puntos do interior non desapareceron en toda a xornada, principalmente nos días 28 e 29.

Días de neve: O número de días nos que nevou nalgunha localidade de Galicia este mes de novembro foi de 10. Destaca especialmente a xornada do día 24, onde as nevaradas foron fortes en toda a alta montaña luguesa e ourensá, pero tamén afectaron a Serra do Laboreiro, a Serra do Xurés, Raia Seca e a Serra de Larouco.

Nestes días tamén foron visitadas pola neve zonas como a Serra do Suído, a dorsal galega e A Fonsagrada (7 de novembro).

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (figura 1) como en 500 hPa (figura 2) vemos anomalías positivas de presión ao norte dos Azores. Isto explica que as borrascas que foron chegando con regularidade viñesen acompañadas de aire frío, ocasionando na terceira semana os primeiros avisos por neve do ano. Esta configuración tamén explica as grandes diferenzas entre os períodos secos do mes, con altas temperaturas ao principio, e os de chuvia, considerablemente máis fríos. Esta variabilidade non se traduce na media de temperatura nin no acumulado de precipitación.



Figura 1: Anomalías de presión en superficie.



Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en ºC e as precipitacións en mm (ou L/m2). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	NOVEMBRO 2016 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.2/12.7	13.2	15.7 (2015)	10.8 (1966)
Tª mínima media	10.4/10.0	10.5	13.2 (2015)	7.9 (1956)
Tª mínima absoluta	6.3/5.9 (día 22)	2.6 (29/11/2010)		
Tª mínima máis alta	15.2/14.3 (día 1)	19.1 (06/11/2015)		
Tª máxima media	16.0/16.0	15.9	19.7 (1948)	13.1 (1966)
Tª máxima absoluta	22.5/23.1 (día 2)	25.0 (07/11/2003)		
Tª máxima máis baixa	11.8/11.5 (día 22/ día 24)	8.4 (29/11/1969)		
Precipitación acumulada	119	116-149	297 (2003)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	14	14	28 (1935)	1 (1981)

Comentario: *Mes normal en canto á temperatura media, mentres que foi frío para as mínimas e lixeiramente cálido para as máximas.*
A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia están dentro dos valores climáticos normais.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2016 Temperatura: 1948-2016*

SANTIAGO

	NOVEMBRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.0	11.5	14.5 (1983)	9.8 (2010)
Tª mínima media	7.3	7.8	11.0 (1983)	6.0 (2001)
Tª mínima absoluta	1.3 (día 22)	-3.0 (29/11/2010)		
Tª mínima máis alta	12.7 (día 4)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	14.8	15.1	17.9 (1983)	13.5 (2010)
Tª máxima absoluta	22.2 (día 1)	24.7 (07/11/2003)		
Tª máxima máis baixa	8.2 (día 24)	5.5 (26/11/1985)		
Precipitación acumulada	127	172-251	475 (2000)	16 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	13	16	26 (2000)	3 (2001)

Comentario: *Mes normal en xeral tendo en conta todas as temperaturas.*
A precipitación rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes resultou seco.
O número de días de chuvia tamén resultou lixeiramente inferior ao valor climático agardado.

** Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2016. Temperatura: 1982-2016*

LUGO

	NOVEMBRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.6	9.2	11.8 (1992)	7.5 (2001)
Tª mínima media	4.1	5.2	8.7 (1992)	2.2 (2007)
Tª mínima absoluta	-2.3 (día 25)	-6.4 (17/11/2007)		
Tª mínima máis alta	10.7 (día 12)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	13.1	13.1	16.4 (2015)	11.3 (2008)
Tª máxima absoluta	21.5 (día 3)	23.2 (08/11/2015)		
Tª máxima máis baixa	5.7 (día 24)	4.0 (29/11/2008)		
Precipitación acumulada	123	96-118	288 (2000)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	13	12	26 (2000)	1 (1981)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas mínimas e normal para as máximas. Como resultado disto as medias foron lixeiramente frías.
A chuvia rexistrada está por riba do rango de valores normais, polo que o mes considérase lixeiramente húmido. O número de días de chuvia tamén é superior ao agardado.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2016. Temperatura: 1981-2016*

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	NOVEMBRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.1	12.2	14.8 (2006)	9.9 (1966)
Tª mínima media	7.9	7.7	10.6 (2006)	4.5 (1971)
Tª mínima absoluta	2.6 (día 7)	-1.5 (30/11/1963)		
Tª mínima máis alta	14.1 (día 4)	17.8 (02/11/2002)		
Tª máxima media	16.3	16.7	19.9 (1981)	14.6 (1976)
Tª máxima absoluta	22.8 (día 1)	26.3 (02/11/1987)		
Tª máxima máis baixa	9.7 (día 24)	7.4 (30/11/2008)		
Precipitación acumulada	177	164-269	480 (1997)	1 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	13	14	25 (2009)	0 (2001)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas medias e máximas, mentres que para as mínimas resultou cálido nesta localidade.
A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, aínda que o número de días de chuvia é lixeiramente inferior ao valor climático agardado.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2016*

OURENSE

	NOVEMBRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.1	11.1	13.9 (1983)	9.1 (2001)
Tª mínima media	5.7	6.3	9.5 (1983)	1.6 (2007)
Tª mínima absoluta	1.6 (día 23)	-6.8 (24/11/1988)		
Tª mínima máis alta	11.2 (día 20)	17.8 (07/11/1985)		
Tª máxima media	14.6	15.9	18.2 (2006)	13.3 (1980)
Tª máxima absoluta	25.0 (día 2)	26.1 (07/11/2015)		
Tª máxima máis baixa	7.8 (día 24)	3.8 (29/11/1990)		
Precipitación acumulada	96	76-113	240 (1997)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	11	11	24 (1997)	0 (1981)

Comentario:Mes frío tendo en conta as medias e as mínimas e mesmo moi frío para as máximas. A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia están dentro dos valores climáticos normais para esta localidade.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2016. Temperatura: 1972-2016*

5 TEMPERATURA

Os valores medios de temperatura pódense considerar os normais dun mes de novembro. Isto pode explicarse debido á alternancia de períodos de chuvia máis temperados con outros secos máis fríos, que en parte quedaron compensados coas altas temperaturas rexistradas nos primeiros 3 días do mes

5.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de novembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 12.9 ºC. Os valores máis baixos rexistráronse en Manzaneda e Pena Trevinca, con valores próximos aos 2.7 ºC. Os valores máis altos (preto dos 17.1 ºC) rexistráronse principalmente na comarca do Salnés e as localidades máis o sur do Baixo Miño.



Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de novembro de 2016.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de novembro para o territorio galego foi de 5.3 ºC, sendo os valores máis baixos os rexistrados en Pena Trevinca, pero tamén destacando Manzaneda, a Serra do Suído e as Serras do Xurés e de Larouco, cun valor moi próximo aos 0 ºC e os máis altos na comarca de Vigo e a Península do Morrazo, onde se acadaron preto dos 12.7ºC.



Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de novembro de 2016.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de novembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, presentou unha anomalía de -0.2 ºC. Como se pode ver no mapa da figura 5, o interior da Comunidade e a Comarca de Bergantiños presentaron as anomalías máis baixas con valores próximos aos -1.4 ºC. En canto as anomalías máis altas, Cedeira presentou unha anomalía positiva próxima a 1.3 ºC.



Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (ºC) de novembro respecto al período 1981-2010.

A táboa 1 mostra as anomalías máis altas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. Como se pode ver, as anomalías máis elevadas, déronse principalmente nas comarcas de Ortegal e Ferrol.

Anomalías máis altas de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	**Provincia**	**Anomalía (ºC)**
Cedeira	A Coruña	1.2
Cariño	A Coruña	1.0
Triacastela	Lugo	0.9
Bergondo	A Coruña	0.8
Cerdido	A Coruña	0.8
Valdoviño	A Coruña	0.7
Cambre	A Coruña	0.7
Gondomar	Pontevedra	0.7
Cangas	Pontevedra	0.7
Nigrán	Pontevedra	0.6

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de novembro de 2016.

Anomalías máis baixas de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	**Provincia**	**Anomalía (ºC)**
Monforte de Lemos	Lugo	-1.2
Ponteceso	A Coruña	-1.1
Coristanco	A Coruña	-1.1
Malpica de Bergantiños	A Coruña	-1.0
Cabana de Bergantiños	A Coruña	-1.0
Bola (A)	Ourense	-1.0
Sober	Lugo	-0.9
Rairiz de Veiga	Ourense	-0.8
Celanova	Ourense	-0.8
Lugo	Lugo	-0.8

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de novembro de 2016.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1981-2010. Na provincia de A Coruña a comarca de Bergantiños e a Terra de Lemos en Lugo, presentaron as anomalías máis baixas de temperatura.

Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2016 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As primeiras xornadas foron especialmente altas para a época do ano.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2016 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	**estación**	**Concello**	**Provincia**	**TA (ºC)**
01/11/2016	Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	27.3
02/11/2016	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	25.9
01/11/2016	Areas	Tui	Pontevedra	25.7
02/11/2016	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	25.2
01/11/2016	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	25.1
01/11/2016	O Viso	Redondela	Pontevedra	25.0
02/11/2016	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	25.0
02/11/2016	Ourense	Ourense	Ourense	25.0
02/11/2016	Remuíño	Arnoia	Ourense	24.8
01/11/2016	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	24.7

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2016 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2016 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	**estación**	**Concello**	**Provincia**	**TA (ºC)**
01/11/2016	Xurés	Muiños	Ourense	19.6
01/11/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	19.1
16/11/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	18.8
16/11/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	18.4
01/11/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	18.3
03/11/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	17.6
01/11/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	17.2
01/11/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	16.2
02/11/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	16.2
01/11/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	16.2

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2016 a altitude novembro de 1000 m.

Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2016 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas do 22 e 23 presentaron os valores máis baixos en ámbalas dúas altitudes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2016 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	**estación**	**Concello**	**Provincia**	**TA (ºC)**
22/11/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-6.5
22/11/2016	Xares	A Veiga	Ourense	-5.4
23/11/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	-5.3
22/11/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-5.2
22/11/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	-3.3
23/11/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	-3.0
22/11/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-2.9
22/11/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-2.6
22/11/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-2.4
07/11/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	-2.3

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2016 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2016 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	**estación**	**Concello**	**Provincia**	**TA (ºC)**
23/11/2016	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-3.8
22/11/2016	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-3.5
23/11/2016	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-3.3
22/11/2016	Melide	Melide	A Coruña	-3.1
25/11/2016	Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	-2.6
30/11/2016	Bóveda	Bóveda	Lugo	-2.4
29/11/2016	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-2.4
25/11/2016	Campus Lugo	Lugo	Lugo	-2.3
23/11/2016	Morelle	Sarria	Lugo	-2.3
30/11/2016	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	-2.0

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2016 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2016.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016 para esta serie foi 10.3 ºC.



Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2016 para novembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.56 ºC e fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como lixeiramente frío, moi preto da normalidade. O ano máis próximo cunha anomalía claramente inferior foi o ano 2012.

Nesta ocasión tanto as máximas como as mínimas presentaron anomalías similares, preto dos -0.5 º C.



Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en novembro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

Tanto as cantidades acumuladas durante o mes como o número de días de chuvia pódense considerar normais nun mes de novembro, destacando as frontes da tarde do día 8 e do día 19 como as máis intensas.

A chuvia media no mes de novembro, obtida a partir dos valores do mapa, foi de 147 L/m^2. Foron moi significativos os valores mensuais acadados na provincia de Pontevedra e gran parte da provincia de A Coruña, destacando o norte da Comunidade. Aínda así, o valor máis alto de precipitación acadouse en Fornelos de Montes, onde se recolleron ata un total de 273 L/m^2. Os valores máis baixos déronse rexistráronse en toda a comarca de Valdeorras, onde se rexistraron nalgúns puntos valores próximos aos 51 L/m^2.

6.1. Precipitación acumulada mensual novembro2016



Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de novembro de 2016.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de novembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse na Fonsagrada e Navia de Suarna, onde choveu máis do dobre do normal. Isto contrasta con outras localidades que presentaron porcentaxes de precipitación por debaixo do normal, así os valores máis baixos foron de ata un 58 % menos. No conxunto da Comunidade o mes resultou normal, sendo a chuvia acumulada un 14 % por debaixo do normal.



Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de novembro de 2016.

6.3. Días de chuvia en novembro de 2016

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 13. Os valores máximos obtivéronse principalmente nas comarcas do Eume, Ferrol e Ortegal e parte da Mariña Occidental, onde se rexistraron nalgúns casos case os 18 días de chuvia. Os valores máis baixos déronse principalmente na comarca de Valdeorras, onde algunhas localidades estiveron preto dos 8 días de chuvia.



Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de novembro de 2016.

A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de novembro. Os rexistros máis altos de precipitación déronse nas xornadas do 19 ao 20, días de chuvia xeneralizada na Comunidade, aínda que máis acusada na provincia de Pontevedra.

Precipitacións acumuladas máximas en novembro de 2016			
Estación	**Concello**	**Provincia**	**Chuvia (L/m^2)**
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	273
Castrove	Poio	Pontevedra	269
Labrada	Abadín	Lugo	257
Cespón	Boiro	A Coruña	247
Muralla	Lousame	A Coruña	238
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	226
Aldea Nova	Narón	A Coruña	226
Pereira	Forcarei	Pontevedra	226
A Armenteira	Meis	Pontevedra	219
O Val	Narón	A Coruña	216

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de novembro de 2016.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m^2)				
Estación	**Concello**	**Provincia**	**Chuvia (L/m^2)**	**Instante de inicio (UTC)**
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	88	19/11/2016 14:40
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	86	19/11/2016 13:30
Cespón	Boiro	A Coruña	78	19/11/2016 7:50
AsEiras	O Rosal	Pontevedra	78	19/11/2016 14:20
Muralla	Lousame	A Coruña	77	19/11/2016 9:00
Entrimo	Entrimo	Ourense	76	20/11/2016 6:30
Castrove	Poio	Pontevedra	76	19/11/2016 9:20
Labrada	Abadín	Lugo	76	23/11/2016 17:00
Areas	Tui	Pontevedra	71	19/11/2016 14:10
PCaldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	63	19/11/2016 9:50

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de novembro de 2016.

6.4. Evolución da precipitación en novembro de 2016

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 142 L/m^2.



Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2016 para novembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 14 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse normal. O ano 2015 foi aínda máis seco (un 68% inferior ao habitual) e o novembro de 2014 estivo un 54% por riba do normal.



Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en novembro, respecto ó período 1981-2010.

7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse os días nos que houbo estacións que rexistraron refachos máximos superiores aos 100 km/h. Cómo se pode apreciar, nas xornadas do 19, 20 e 21, rexistráronse refachos de vento moi elevados en moitas localidades, principalmente no litoral. Ademais, os ventos do día 20 foron moi fortes (máis de 71 km/h) de forma xeneralizada en Galicia.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en novembro				
Data	**Estación**	**Concello**	**Provincia**	**Refacho (km/h)**
20/11/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	136.9
19/11/2016	Burela	Burela	Lugo	129.3
19/11/2016	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	124.2
21/11/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	108.5
20/11/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	106.7
19/11/2016	Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	106.2
19/11/2016	Fragavella	Abadín	Lugo	104.5
20/11/2016	Lira	Carnota	A Coruña	103.5
21/11/2016	Malpica	Malpica	A Coruña	103.5
20/11/2016	Illas Cíes	Vigo	Pontevedra	102.6
19/11/2016	Foz	Foz	Lugo	101.5
19/11/2016	Muralla	Lousame	A Coruña	101.3
20/11/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	101.1
26/11/2016	Xares	A Veiga	Ourense	101.1
19/11/2016	Coruña-Dique	A Coruña	A Coruña	100.9

Táboa 10: Refachos máximos de vento por enriba dos 100km/h en novembro de 2016.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h) / Data	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
Lira	Carnota	103.5 / Día 20	NE	13		
Pta. Candieira	Cedeira	124.2 / Día 19	E	5		
Malpica	Malpica	103.5 / Día 21	SE	4		
Marco da Curra	Monfero	87.9 / Día 19	SO	7		

Táboa 11: Resumo do vento no mes de novembro de 2016 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h) / Data	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
Burela	Burela	129.3 / Día 19	E	7		
Ancares	Cervantes	101.1 / Día 20	NE	9		

Táboa 12: Resumo vento no mes de novembro de 2016 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h) / Data	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
Xurés	Muiños	94.8 / Día 21	E	8		
Rodicio	Maceda	72.3 / Día 21	NE	14		

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h) / Data	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
Gandarela	Celanova	68.1 / Día 24	NO	41		

Táboa 13: Resumo do vento no mes de novembro de 2016 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h) / Data	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
Fornelos	Fornelos de Montes	86.4 / Día 19	S	14		
Ons	Bueu	87.4 / Día 20	NE	7		

Táboa 14: Resumo do vento no mes de novembro de 2016 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual



Figura 13: Irradiación mensual (10 kJ m^{-2} $día^{-1}$) para o mes de novembro de 2016.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 295 raios en Galicia, no que destaca o día 3 de novembro no que se rexistraron 168. Estes raios concentráronse principalmente na provincia de A Coruña, mentres que en Ourense non se detectaron raios. Na figura 15 móstrase a distribución por día dos raios neste mes.



Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en novembro de 2016.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias. Destaca a provincia de A Coruña.



Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en novembro2016.

Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en novembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2016. Nesta gráfica pódese observar o gran contraste deste ano, co novembro do ano pasado no que non se rexistraron raios, e co do ano 2014 onde se rexistraron máis de 5500 raios.



Figura 17: Número total de raios rexistrados en novembro dende 2010 a 2016.

MeteoGalicia
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente e ordenación do Territorio
Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Boletín Mensual Climatológico

meteogalicia

Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2016 Mes: 11

Provincia / Estación	TªºC	Tª Máxima ºC			Tª Mínima ºC			Precipitación l/m2			BHC	Humedad Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irraciación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Lluvia	Helada
A Coruña																							
A Gándara	10.1	13.05	21.0	1	7.6	3.8	21	210	48.3	24	166	83	94	68	41	118	656	20	98	19	968	17	0
Aldea Nova	10.8	14.24	22.4	2	8.4	4.2	23	226	34.8	20	187	83	95	68	35	99	573	9	64	19	984	19	0
Arzúa	9.0	14.05	21.8	2	4.7	-1.1	22	147	31.2	20	112	88	98	66	40	115	647	6	63	21	973	17	1
*Camariñas	13.1	15.63	21.8	1	10.3	5.2	22	198	60.8	24	142	78	89	64	44	126	716	16	72	19	1015	17	0
Cariño	12.8	15.21	19.3	1	10.1	5.5	25	198	37.8	24	155	84	95	71	31	90	558	15	93	8	1016	19	0
Cespón	11.7	16.72	23.6	1	7.7	2.0	22	247	57.2	19	206	85	97	62	42	124	669	5	57	20	1011	15	0
CIS Ferrol	11.7	16.04	23.8	2	8.6	4.3	25	189	37.6	20	151	87	98	66	40	115	636	8	61	8	1013	18	0
Corrubedo	13.0	16.34	22.1	1	10.3	5.5	22	149	32.0	12	97	78	91	62	43	125	707	10	87	20	1013	15	0
Coruña-Dique	12.4	15.58	21.1	1	9.6	5.4	23	95	18.6	20	-	79	91	62	-	-	-	15	100	19	1016	17	0
Coruña-Torre de Hércul	13.0	16.02	22.5	2	10.4	6.3	22	118	30.2	20	-	75	87	60	-	-	-	-	-	-	-	18	0
*Costa	10.8	15.68	22.5	1	7.2	1.2	22	143	35.5	20	-	90	99	70	-	-	-	3	44	19	995	15	0
*Coto Muiño	9.5	14.88	22.0	1	4.7	-0.5	22	187	33.8	20	-	90	98	69	-	-	-	3	45	19	-	16	1
Fontecada	9.7	13.95	21.6	1	6.4	1.0	22	186	39.1	20	148	84	94	65	40	115	635	9	67	21	973	16	0
*Guísamo	11.3	15.36	23.8	2	8.2	4.2	25	161	30.7	20	-	78	88	61	-	-	-	3	37	19	996	16	0
*Lesende	11.4	15.54	22.1	1	7.9	2.4	22	164	40.6	8	121	78	88	61	42	121	643	4	53	20	996	16	0
Lira	12.5	15.05	21.3	1	10.3	6.1	7	124	38.1	12	66	77	89	63	44	129	680	19	103	20	-	16	0
Mabegondo	10.1	15.87	24.6	2	5.4	-1.2	25	147	23.7	20	114	91	99	71	38	110	601	5	65	3	1005	18	1
Malpica	11.9	14.5	22.8	1	9.4	4.7	22	103	24.3	24	58	83	94	70	39	112	622	21	103	21	997	17	0
Marco da Curra	8.3	11.39	18.9	2	6.0	0.9	22	173	31.2	20	137	87	95	71	34	98	566	16	87	19	941	18	0
Melide	8.8	13.52	21.6	1	4.9	-3.1	22	140	28.9	20	86	87	96	67	40	111	639	6	58	20	962	16	3
Muralla	9.1	11.8	18.9	1	6.8	2.7	7	238	55.2	20	203	88	97	74	39	115	612	22	101	19	939	17	0
*O Val	11.5	16.12	24.1	2	7.7	1.8	25	216	34.6	21	-	89	99	70	-	-	-	4	81	19	1008	18	0
Olas	9.4	13.54	22.2	2	6.0	1.1	22	178	29.6	20	145	88	98	69	35	101	573	9	68	19	-	18	0
*Ordes	9.1	14.91	22.9	1	4.3	-1.4	30	129	24.3	20	-	90	99	68	-	-	-	5	51	19	984	16	4
*Paramos	9.4	13.59	20.7	1	5.9	0.8	22	163	34.0	20	-	92	99	75	-	-	-	7	47	21	972	17	0
*Pazo de Galegos	10.8	15.53	24.2	1	6.9	1.5	22	127	27.6	20	89	88	97	69	38	111	649	4	33	24	990	13	0
Punta Candieira	12.1	14.18	24.1	1	10.0	5.6	24	110	19.4	4	56	79	92	65	37	105	611	28	124	19	985	20	0
Punta Langosteira	13.1	15.54	21.9	1	10.4	6.2	25	69	16.3	8	-	81	95	66	40	114	608	18	106	19	1014	13	0
Río do Sol	9.1	12.36	20.3	1	6.6	2.6	22	187	32.5	20	151	87	97	72	39	114	621	18	87	19	953	18	0
*Rus	10.4	15.93	24.4	1	5.9	-0.2	29	179	41.9	20	-	90	99	69	-	-	-	3	75	21	1000	18	2
Sálvora	13.5	15.98	20.8	1	11.4	7.5	22	122	21.2	12	64	80	91	66	46	135	740	19	87	21	-	14	0
Santiago-EOAS	10.5	14.77	22.1	1	7.3	1.3	22	126	38.5	20	88	85	94	66	40	116	675	6	58	20	986	15	0
Santiago-San Lázaro	10.2	14.24	22.1	1	6.9	0.9	22	124	32.5	20	-	84	93	66	40	116	655	8	67	20	980	14	0
Sergude	10.2	15.46	23.3	1	6.5	1.3	23	136	29.7	20	-	89	98	68	30	89	563	-	-	-	-	17	0
Serra da Faladoira	8.9	11.56	20.8	2	6.7	2.7	24	197	32.7	20	164	90	98	76	33	95	570	19	93	20	949	18	0

* Mide la velocidade del viento a menos de 10 metros.
--No hay datos
- No se mide este parámetro en esta estación.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Boletín Mensual Climatológico

meteogalicia

Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2016 Mes: 11

Provincia / Estación	TªºC	Tª Máxima ºC			Tª Mínima ºC			Precipitación l/m2			BHC	Humedad Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irraciación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Lluvia	Helada
Lugo																							
A Pontenova	9.1	12.82	21.2	2	6.4	2.2	22	138	20.1	20	-	87	97	71	30	87	537	-	-	-	-	18	0
Abradelo	7.7	11.29	20.6	2	4.9	-0.1	22	134	32.0	24	-	82	93	66	34	98	590	-	-	-	-	14	1
*Alto de Cerredo	6.8	9.44	18.2	2	4.8	-0.6	24	148	21.4	21	-	86	93	74	-	-	-	7	68	21	905	18	3
*Alto do Faro	7.0	10.05	18.4	1	4.2	-0.4	22	121	31.8	20	-	88	97	74	-	-	-	7	47	21	920	15	1
*Alto do Poio	4.5	6.87	16.2	1	2.5	-2.9	22	177	32.7	20	-	89	95	80	-	-	-	10	68	26	-	17	9
Ancares	4.8	7.37	16.2	1	2.8	-3.3	22	121	18.4	5	49	87	95	76	33	97	560	18	101	20	863	15	8
*Borreiros	10.6	15.2	20.7	1	6.6	0.9	25	208	38.0	24	179	88	98	67	27	79	481	4	54	19	1009	19	0
Bóveda	7.8	12.96	22.8	3	3.8	-2.4	30	107	31.4	24	77	90	98	69	30	89	578	4	46	6	966	16	4
Burela	10.4	12.97	22.7	1	8.2	3.9	24	171	21.6	20	131	84	96	69	33	94	575	14	129	19	-	18	0
Campus Lugo	7.9	13.1	21.5	3	4.1	-2.3	25	123	31.4	24	94	91	99	70	29	84	549	3	65	21	969	17	3
Castro R. de Lea	7.6	12.72	19.8	2	3.9	-2.6	25	93	19.4	20	-	92	98	73	26	63	511	-	-	-	968	17	4
Conchada	8.2	12.59	20.8	3	5.1	0.1	22	103	25.3	20	-	88	96	71	37	108	633	-	-	-	-	16	0
Corno do Boi	7.7	11.11	19.6	2	5.1	0.8	6	157	34.4	20	128	91	99	74	36	103	578	13	85	20	-	20	0
Courel	7.6	11.32	20.4	1	4.7	-1.9	23	159	36.7	20	120	81	93	64	35	103	613	8	88	21	927	15	3
*Fontaneira	6.9	10.32	20.0	2	4.6	0.0	22	190	36.8	24	125	88	95	76	30	82	569	4	45	21	909	17	2
Foz	10.5	14.39	21.4	1	7.0	1.1	25	167	24.8	24	131	85	95	69	33	94	551	11	101	19	1008	18	0
Fragavella	8.2	11.75	22.6	2	5.0	-0.7	25	168	29.0	20	139	91	99	76	32	93	554	14	104	19	946	20	2
Guitiriz-Mirador	8.0	11.03	19.5	1	5.7	0.6	7	133	31.5	20	103	90	97	75	32	93	559	11	62	19	937	19	0
*Labrada	8.1	11.14	20.6	2	5.6	-0.6	22	257	70.6	24	--	86	96	72	--	--	--	9	-	-	-	18	1
*Lanzós	7.5	12.63	20.5	2	2.8	-3.0	30	171	39.9	24	-	90	97	71	-	-	-	3	45	15	961	18	5
*Lourenzá	9.9	15.21	21.4	1	5.5	-1.4	25	176	33.2	24	-	88	98	67	-	-	-	3	53	19	-	17	3
Marroxo	8.4	11.82	20.3	2	5.5	0.6	7	96	27.2	20	64	86	94	72	28	82	528	6	81	21	942	17	0
*Míllara	8.8	13.86	22.7	3	5.6	1.0	25	92	23.0	24	-	92	100	70	-	-	-	4	55	24	-	14	0
*Morelle	7.7	12.8	19.8	3	3.4	-2.3	23	103	26.0	24	79	92	99	72	18	52	460	3	41	20	968	15	3
O Cebreiro	4.1	7.46	16.2	2	1.9	-2.6	22	147	33.9	20	--	92	98	82	28	83	510	13	71	21	868	16	10
O Xipro	7.3	11.23	20.5	1	4.5	-0.2	25	165	27.9	24	133	88	97	72	34	97	572	9	68	21	925	19	1
*Olveda	7.7	12.33	20.9	1	4.0	-1.0	22	89	27.1	24	61	93	100	74	33	95	602	3	44	21	-	12	2
Pedro Murias	11.4	14.89	20.2	1	8.4	3.0	25	201	35.6	6	163	81	90	70	29	84	515	10	87	19	1011	16	0
Penedo do Galo	9.2	11.47	20.6	2	7.1	2.5	7	206	29.9	6	-	87	97	72	29	83	509	-	-	-	-	20	0
Pol	7.8	11.79	20.5	2	5.1	0.7	6	133	24.9	24	-	89	98	71	37	107	608	-	-	-	941	16	0
Portomarín	7.7	12.42	20.6	2	4.0	-0.5	30	88	20.6	20	-	94	100	76	15	45	416	-	-	-	965	17	1
Sambreixo	7.6	12.68	19.8	2	3.2	-2.0	30	128	29.1	20	-	90	97	71	36	102	586	-	-	-	-	15	7
*San Clodio	9.1	14.33	22.7	3	5.5	0.5	30	101	23.8	21	-	89	99	65	-	-	-	2	30	24	987	16	0
*San Fiz	8.7	13.41	21.2	3	5.3	1.1	25	78	22.1	20	48	91	99	71	31	92	592	6	96	19	970	12	0
Ventosa	6.9	10.75	19.9	1	3.9	-0.3	7	138	21.2	24	104	84	94	69	34	97	577	10	91	20	911	16	1
*Vilamor	10.0	14.87	20.7	3	6.0	-1.3	25	165	28.9	6	131	83	91	64	28	80	500	3	42	19	-	16	2
*Xabrega	8.7	13.38	23.1	2	5.4	0.4	23	112	32.2	24	82	88	95	69	22	66	507	4	57	19	979	15	0

* Mide la velocidade del viento a menos de 10 metros.
--No hay datos
- No se mide este parámetro en esta estación.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Boletín Mensual Climatológico

meteogalicia

Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2016 Mes: 11

Provincia / Estación	TªºC Med	Tª Máxima ºC Med	Abs	Día	Tª Mínima ºC Med	Abs	Día	Precipitación l/m2 Acu	Max	Día	BHC l/m2	Humedad Rel. % Med	Max	Min	Radiación Solar Insolación %	Horas de sol	Irraciación 10kJ/m2	Vento km/h Veloc. media	Racha max	Día	Presión Med. hPa	Nº Días Lluvia	Helada
Ourense																							
A Mezquita	6.4	10.42	18.8	16	3.1	-2.1	22	119	35.0	20	81	82	94	65	41	119	685	10	65	26	900	13	6
*A Portela	9.2	14.78	23.3	1	5.3	0.5	29	86	20.2	21	51	84	98	59	31	92	591	4	42	20	-	14	0
*A Trabe	7.7	11.68	18.5	1	4.5	0.0	7	114	29.6	24	--	82	93	66	37	89	687	3	40	21	928	15	2
Alto do Rodicio	6.8	9.64	17.9	1	4.2	-0.5	22	154	38.6	20	121	88	96	75	-	-	613	13	72	21	904	16	4
Amiudal	8.6	12.53	20.8	1	5.6	0.1	22	134	31.2	20	--	85	94	69	40	116	653	8	81	20	952	14	0
As Petarelas	8.4	13.52	23.6	1	4.5	-0.9	23	84	19.6	21	-	81	93	58	37	108	639	-	-	-	-	11	2
Baltar	7.0	11.8	20.6	1	2.5	-1.6	22	140	35.2	24	107	88	100	66	33	98	623	8	69	20	924	13	8
Cabeza de Manzaneda	2.2	4.75	12.3	1	0.2	-6.5	22	141	31.9	20	--	91	97	81	33	96	616	25	108	21	822	15	18
*Calvos	6.2	11.35	21.1	1	1.4	-3.5	22	124	30.1	20	90	89	99	69	36	104	640	7	59	21	-	15	15
*Casaio	5.8	8.62	17.1	1	3.4	-2.4	22	84	16.1	5	-	78	92	64	-	-	-	7	86	20	-	15	7
*Corzos	5.0	9.11	19.1	1	2.0	-5.3	23	107	22.6	21	-	87	96	72	-	-	-	6	61	20	-	14	10
Entrimo	8.5	12.98	21.7	1	5.3	-0.5	23	203	70.8	20	-	85	96	68	34	100	613	-	-	-	-	16	1
*EVEGA Leiro	8.8	15.73	25.2	2	4.3	-0.5	7	100	23.4	20	-	90	97	66	-	-	-	1	31	20	1004	13	1
Gandarela	8.8	12.43	21.7	1	5.9	0.8	22	92	23.4	20	58	88	96	75	32	95	595	7	68	24	944	14	0
Lardeira	3.3	6.12	15.7	1	1.1	-5.2	22	82	14.2	20	--	89	96	78	35	101	603	22	136	20	836	16	13
*Larouco	8.8	14.01	21.5	3	5.0	0.0	29	52	16.6	21	-	77	89	56	-	-	-	2	35	19	956	11	1
Laza	8.2	13.7	21.5	2	4.3	0.1	23	111	31.2	24	74	85	96	62	38	111	659	5	59	21	-	14	0
Monte Medo	8.0	12.6	21.0	1	4.0	-0.5	7	125	33.2	24	-	86	97	66	35	103	612	-	-	-	-	13	4
O Invernadeiro	5.6	10.53	18.4	16	2.1	-2.2	22	169	44.7	20	136	87	98	69	-	-	661	7	64	21	900	14	6
Ourense	9.3	14.6	25.0	2	5.7	1.6	23	96	22.2	24	-	84	94	61	-	-	-	-	-	-	-	15	0
Ourense-Estacións	10.1	15.27	25.9	2	6.8	2.2	23	98	23.4	24	68	86	96	64	24	70	515	2	58	20	1002	16	0
*Pazo de Fontefiz	9.1	13.29	22.0	2	5.6	1.0	7	107	31.8	20	72	82	91	65	33	96	585	3	53	20	968	11	0
*Ponte Boga	8.7	13.14	22.7	3	5.4	0.5	30	78	23.0	20	43	78	89	60	26	76	537	3	48	24	962	14	0
*Prado	9.5	14.63	22.9	2	6.2	1.6	23	87	19.2	12	-	88	95	68	-	-	-	2	31	20	1002	10	0
Remuíño	9.1	15.06	24.8	2	5.3	-0.1	23	115	31.0	20	89	92	98	69	20	59	493	2	41	21	-	12	1
*Riós	7.5	12.69	19.8	17	3.7	-1.2	7	108	24.2	24	70	86	98	64	41	119	708	3	31	20	-	13	3
San Xoán de Río	6.2	9.88	17.6	3	3.6	-3.0	23	105	21.2	21	72	89	97	74	39	113	639	13	81	21	899	18	6
Serra do Eixe	5.3	8.35	18.3	1	2.9	-2.3	7	102	25.9	21	70	86	96	71	37	107	608	13	106	20	878	14	7
Verín-Vilamaior	8.6	14.06	21.9	2	4.8	-0.7	23	117	34.8	24	80	85	96	63	36	106	651	5	55	25	953	15	1
Verín-Vilela	7.6	14.95	23.6	2	2.0	-3.8	23	78	22.0	24	45	88	99	61	35	102	637	3	46	21	-	13	10
Viana do Bolo	7.1	11.89	20.2	1	3.0	-3.3	23	74	22.7	20	42	86	98	66	32	94	578	7	69	20	919	12	5
*Xares	2.3	5.08	14.0	1	0.2	-5.4	22	80	21.0	20	36	88	96	75	37	109	640	25	101	26	822	15	17
*Xinzo	7.8	13.26	21.1	16	3.1	-2.4	29	98	19.1	24	65	89	100	68	35	104	638	4	41	25	-	16	7
Xurés	6.8	10.11	19.6	1	4.2	-1.2	23	143	37.7	20	106	86	95	72	36	105	651	16	94	21	896	16	5

* Mide la velocidade del viento a menos de 10 metros.
--No hay datos
- No se mide este parámetro en esta estación.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Boletín Mensual Climatológico

meteogalicia

Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2016 Mes: 11

Provincia / Estación	TªºC Med	Tª Máxima ºC Med	Abs	Día	Tª Mínima ºC Med	Abs	Día	Precipitación l/m2 Acu	Max	Día	BHC l/m2	Humedad Rel. % Med	Max	Min	Radiación Solar Insolación %	Horas de sol	Irraciación 10kJ/m2	Vento km/h Veloc. media	Racha max	Día	Presión Med. hPa	Nº Días Lluvia	Helada
Pontevedra																							
*A Armenteira	10.6	15.1	23.2	1	7.0	1.6	7	219	43.8	20	157	87	97	68	39	113	670	6	54	19	-	16	0
A Granxa	10.0	16.14	25.1	1	5.7	-0.3	23	173	35.2	20	140	90	99	66	33	97	602	2	52	25	1012	19	1
A Lanzada	11.9	16.22	22.3	1	8.4	2.5	7	144	27.0	12	99	85	96	67	45	131	700	13	71	21	-	16	0
*Areas	11.1	16.62	25.7	1	7.3	1.7	8	186	44.2	20	-	88	97	67	-	-	-	1	31	24	-	17	0
*Areeiro	11.8	16.08	22.9	1	8.3	3.5	7	172	42.9	20	-	--	--	--	-	-	-	--	--	1	--	16	0
*As Eiras	11.2	16.05	23.9	1	7.5	2.3	24	196	47.6	20	161	88	98	66	32	94	617	2	45	20	1010	18	0
*Barrantes	10.7	16.53	23.6	1	6.2	0.5	23	146	28.9	20	111	88	98	65	41	118	654	2	38	20	-	16	0
Caldas de Reis	10.8	14.88	22.9	1	7.8	2.1	22	188	43.5	20	-	77	92	53	39	113	639	-	-	-	985	17	0
*Camanzo	9.9	15.09	22.5	1	5.7	-0.6	23	130	31.2	20	96	88	98	69	35	101	612	4	56	20	992	14	1
Cangas-Porto	12.3	16.51	23.3	1	8.8	4.1	7	--	--	-	-	--	--	--	-	-	-	--	--	-	-	--	0
Castro Vicaludo	10.6	13.53	20.5	1	8.3	3.1	23	125	28.1	20	78	82	94	67	42	124	691	15	94	20	960	16	0
Castrove	10.3	13.64	22.1	1	7.8	2.4	22	269	44.6	19	230	83	94	69	32	94	598	10	73	25	965	17	0
*Cequeliños	10.3	15.14	25.0	2	6.9	1.9	23	144	39.6	20	108	88	98	66	33	97	629	6	62	20	-	14	0
Corón	12.6	15.74	21.2	1	9.6	4.6	22	159	29.0	20	108	80	92	62	45	131	715	12	76	20	1014	14	0
*Entenza	10.6	15.69	24.7	1	6.8	0.9	23	131	36.0	20	98	91	100	69	31	92	602	2	45	25	-	16	0
Fornelos de Montes	9.3	12.2	21.0	1	7.1	1.7	7	273	74.0	20	230	81	92	68	38	112	615	16	86	19	934	16	0
Illas Cíes	13.4	16.26	21.6	1	11.1	6.9	7	127	25.8	4	78	84	94	69	44	128	707	12	102	20	-	16	0
*Louredo	10.2	13.5	21.4	1	7.3	3.0	7	147	28.6	20	-	90	97	75	-	-	-	2	31	25	987	15	0
Lourizán	11.5	16.28	22.8	1	7.9	2.6	7	176	38.0	20	140	90	99	70	40	116	675	2	51	21	1010	20	0
*Meder	10.8	15.92	24.6	1	7.0	0.9	7	157	40.0	20	-	81	89	60	-	-	-	2	39	25	999	15	0
Monte Aloia	9.8	13.69	23.2	1	6.9	1.8	23	164	43.4	20	128	89	98	74	34	99	638	7	71	20	960	17	0
Mouriscade	7.7	13.81	22.7	1	2.4	-1.9	30	101	24.8	20	68	90	96	78	41	119	653	4	54	24	958	15	6
O Viso	11.0	15.94	25.0	1	7.7	3.1	7	147	28.2	20	105	82	93	64	37	107	626	9	73	20	985	15	0
Ons	12.5	15.38	21.5	1	10.1	5.1	23	129	26.8	20	76	83	94	68	47	138	753	17	87	20	1002	16	0
*Pé Redondo	11.9	16.29	23.7	1	8.6	3.2	22	187	32.2	20	153	86	96	68	37	108	592	1	47	20	-	17	0
Pereira	8.3	12.01	21.1	1	5.5	0.7	22	225	58.6	20	-	87	97	72	42	122	673	-	-	-	934	18	0
*Ponte Caldelas	10.1	14.19	22.4	1	6.6	0.3	7	212	51.6	20	171	81	91	65	40	117	636	5	53	20	974	17	0
Pontevedra-Campolong	11.9	18.09	27.3	1	7.7	3.0	7	182	36.8	20	-	82	95	56	-	-	-	1	51	21	-	17	0
Queimadelos	10.6	13.44	22.2	1	8.3	3.0	22	192	46.2	20	168	84	93	72	11	32	387	2	39	25	973	16	0
Rebordelo	9.2	14.52	22.3	1	4.6	-0.9	7	208	54.1	20	-	87	97	65	40	116	637	-	-	-	974	17	2
Sanxenxo	12.8	16.68	23.4	1	9.5	4.3	23	161	26.4	20	118	78	90	60	44	129	675	3	60	20	1012	16	0
Serra do Faro	6.8	9.57	17.3	1	4.7	-0.2	22	126	40.3	20	90	85	93	75	38	110	597	19	84	19	902	15	3
*Simes	11.8	16.7	23.8	1	7.7	2.5	7	142	26.9	8	103	83	95	63	43	124	704	1	43	25	-	15	0
*Soutomaior	11.0	15.43	23.4	1	8.1	3.2	7	160	35.0	20	-	79	87	62	-	-	-	2	32	8	996	14	0
*Torrequintáns	11.6	16.69	23.6	1	7.6	2.0	22	161	28.4	20	116	78	88	58	42	123	669	3	56	20	1008	18	0
*Tremoedo	11.8	16.17	23.0	1	8.3	2.4	7	158	37.1	20	-	78	88	59	-	-	-	4	48	19	1008	13	0
Vigo	12.4	16.65	24.3	1	9.4	4.0	23	127	24.4	20	-	80	93	61	-	-	-	-	-	-	-	15	0
Vigo-Campus	10.9	13.39	21.3	1	8.9	4.1	23	195	38.7	20	108	76	89	61	45	132	714	8	73	24	962	16	0

* Mide la velocidade del viento a menos de 10 metros.

--No hay datos

- No se mide este parámetro en esta estación.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Boletín Mensual Climatológico

meteogalicia

Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2016 Mes: 11

Provincia / Estación	TªºC	Tª Máxima ºC			Tª Mínima ºC			Precipitación l/m2			BHC	Humedad Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irraciación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Lluvia	Helada
Xesteiras	8.8	11.58	18.9	2	6.5	1.8	23	226	60.5	20	-	83	94	69	-	-	-	24	98	20	-	17	0

* Mide la velocidade del viento a menos de 10 metros.
--No hay datos
- No se mide este parámetro en esta estación.